

SALARIO OU CONFLITO

Abriuse o calendario de mobilizacións pola "Xustiza Salarial"



Redacción.- Coincidindo coa celebración o 7 de outubro da Xornada Mundial polo Traballo Decente, UGT e CCOO convocan mobilizacións en todo o país para demandar "Xustiza salarial". En Galicia celebráronse mobilizacións fronte ás sedes empresariais en Ourense, Vigo e Lugo. O xoves anterior, o día 6, celebrouse na Coruña.

Esta campaña, en demanda de subas salariais que garantan o mantemento do poder de compra ante unha subida dos prezos desbocada, arrancou o 7 de outubro en todo o país, do 14 ao 28 terán lugar asembleas informativas e reparto de propaganda nos centros de traballo e o día 3 de novembro CCOO e UGT convocan unha gran mobilización en Madrid.

Defender ás persoas traballadoras nun momento difícil

Con estas mobilizacións preténdese defender ás persoas traballadoras nun momento difícil a nivel económico e social cun crecemento da inflación e do custe da vida desbocados; demandar ás patronais que se senten para pechar os convenios bloqueados; e acadar un acordo xeral de salarios porque España é o segundo país pola cola no relativo a incrementos salariais.

Cláusulas de revisión salarial

Na negociación dun novo Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva UGT e CCOO vanse manter firmes na súa demanda de incluír cláusulas de revisión salarial para que os traballadores e traballadoras non vexan diminuído o seu poder de compra, o que reduciría o consumo interno e castigaría tamén á economía en xeral. Os sindicatos advirten que, se non se consegue un acordo xeral, loitarase

convenio a convenio.

Subir salarios e controlar os prezos, prioridade e necesidade

Tras o verán, CCOO e UGT emprazaron á patronal a desbloquear a mesa de negociación e a falta de resposta obrigou a dar un paso máis e saír ás rúas, xa que subir os salarios, así como controlar os prezos, hoxe debe ser unha prioridade e unha necesidade económica e social de primeira orde.

Que os salarios suban para garantir o mantemento do poder de compra dos traballadores e traballadoras é unha cuestión de xustiza social que, ademais, contribuirá a xerar consumo e emprego. Non se pode permitir que a clase traballadora se empobreza nunha conxuntura de crise e cunha inflación moi elevada pero que, en ningún momento, ten a súa orixe nos salarios.

XA VAN 12 DÍAS DE FOLGA INDEFINIDA NO SIDEROMETAL DA PROVINCIA DE OURENSE

Os traballadores reclaman un convenio digno ante a escalada inflacionista

Redacción.- Os traballadores do sector do siderometal da provincia de Ourense xa levan 12 días de folga indefinida ante a negativa da patronal a negociar un convenio digno que palíe as consecuencias dunha suba dos prezos desbocada.

A folga indefinida foi acompañada dunha manifestación que percorreu as rúas de Ourense este luns.

Os traballadores do sector, uns 4.500, reclaman a negociación dun convenio digno que garanta o mantemento do poder adquisitivo, sobre todo, nunha conxuntura de escalada inflacionista como a que se está a vi-



vir.

Proceso negociador de máis de nove meses

Tras un proceso negociador de máis de nove meses, a patronal segue na súa postura inicial e non acepta a suba salarial demandada polos traballadores.

PAROS PARCIAIS EN VITRASA PARA RECLAMAR A NEGOCIACIÓN DO CONVENIO

Redacción.- Os traballadores e traballadoras de Vitrasa, a concesionaria do transporte urbano de Vigo, acordaron iniciar un calendario de mobilizacións con paros parciais que arrancarán o día 21 de outubro.

No caso dos condutores serán ás 8-9; 14-15; e 0-1. En taller serán ás 11-12; 17-18; e 0-1. Nos servizos administrativos está previsto un paro entre as 11 e as 12 horas.

Os traballadores e traballadoras demandan negociar un novo convenio, xa que o anterior está caducado dende xaneiro de 2021, co fin de poder actualizar os salarios, reducir a xornada máxima ou regular os descansos diarios.



CONTINUÁN EN FOLGA OS TRABALLADORES DA EMPRESA DE LIMPEZA UB EN STELLANTIS-VIGO

O vindeiro sábado ás 11.30 está convocada unha manifestación con saída da Praza Fernando Católico (Vigo)

Redacción.- Os traballadores da empresa UB, encargada de limpar os embalaxes baleiros en Stellantis-Vigo, están en folga indefinida despois de nove meses de reunións e de mobilizacións para denunciar que a empresa que os subrogou intentara, xa dende o comezo, aplicarlle un novo convenio colectivo que empeora as súas condicións laborais.

As empresas que ao longo de máis de 30 anos asumiron estas funcións na factoría viguesa aplicaron sempre o convenio provincial de limpeza de Pontevedra e agora esta nova firma pretende modificar á baixa as súas condicións de traballo, algo que dende FeSMC se denuncia e non se vai consentir.



Os PXE 2023 AMPLÍAN O PARAUGAS SOCIAL E DE DEREITOS

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, manifestou que “estes PXE responden á necesidade de consolidar e ampliar o paraugas social e de dereitos para os cidadáns e cidadás do noso país” e inclúen cuestións tan importantes como o mantemento do poder adquisitivo dos pensionistas conforme ao IPC, cuestión acordada no Pacto de Toledo e froito do acordo cos axentes sociais; medidas para facilitar a vivenda para mozos, ou o aumento das percepcións por desemprego, a partir do sexto mes, “unha das reivindicacións fundamentais das organizacións sindicais”. Así mesmo, supoñen “o despregamento dos fondos Next Generation, que deben servir para que o noso país recupere musculatura, desde o punto de vista industrial e do sistema produtivo”.

Álvarez, que fixo estas declaracións no marco da reunión que mantivo coa ministra de Facenda, destacou, tamén, a subida dos impostos que se produce nestes PXE ás rendas máis altas, “unha medida absolutamente necesaria e que ao noso xuízo non debería ser conxuntural. Deberíamos incorporala nunha futura reforma máis integral do sistema fiscal do noso país, porque quen máis ten, debe contribuir máis ao mantemento dos dereitos sociais”. Unha medida que, ademais, complementase con outras para aliviar ás rendas máis baixas dunha parte das responsabilidades de tributación que tiñan ata o de agora (as que están por baixo dos 21.000 euros e a exención de tributar aos que perciben menos de 15.000 euros). “Son políticas en maiúsculas das persoas que teñen menos e congratulámonos que os PXE vaian nesa dirección”- dixo.

Con todo, Álvarez destacou algunha cuestión “que queremos que durante a tramitación téñase en conta, por exemplo, a subida do IPREM que nos parece que está moi axustada”, pois só contéplase unha subida do 3,6%.

Rebaixas fiscais das CCAA e Pacto de Rendas

O secretario xeral de UGT criticou “esa especie de competición” para rebaixar impostos que se abriu por parte das comunidades autónomas e que cualificou de “inapropiada, desafortunada e en certa medida cruel”,



porque as comunidades autónomas teñen que facer fronte ás súas responsabilidades de acordo coas competencias que teñen. Neste sentido, dixo que unha Comunidade Autónoma como a de Madrid non pode presumir de baixar impostos e manter as residencias de anciáns na actual situación: con falta de persoal, precariedade salarial dos seus traballadores, etc. “Parécenos un acto de cinismo e indecencia”.

Así mesmo, declarou que non hai Pacto de Rendas fundamentalmente porque a CEOE non quixo. Quería preservar a negociación dos salarios fóra deste pacto e tampouco fomos capaces de que se implicase a oposición política. Un pacto destas características debe xerar consensos parlamentarios.

A pesar diso, “o Goberno foi desenvolvendo ese Pacto de Rendas e os PXE son unha parte dese pacto”, porque se inclúen políticas de carácter social para as familias que están máis castigadas pola crise, mellóranse os salarios dos traballadores da función pública, grazas ao acordo cos sindicatos máis representativos, etc.

Álvarez remarcou que “queda pendente o acordo coa CEOE”, e lembrou as mobilizacións, asembleas de traballadores, as folgas ante o bloqueo de determinados convenios, e a gran mobilización do 3 de novembro, en Madrid, para conseguir que a pa-

tronal se sente a negociar o Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva.

Así mesmo, preguntouse por que algúns non din nada ante o aumento de salarios dos directivos e membros dos Consellos de Administración, por encima do custo da vida, ou o incremento dos beneficios empresariais, pero cuestionan garantir o poder adquisitivo dos traballadores e os pensionistas. Neste sentido, lembrou que a pensión media no noso país esta substancialmente por baixo dos 1.000 euros ao mes.

Renovación do CXPX

Respecto ao bloqueo na renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial sinalou que “un Estado democrático necesita que funcionen os tres poderes: o legislativo, o executivo e o xudicial” e que a non renovación, durante catro anos do CXPX, está a ter consecuencias en todas as instancias xudiciais, incluída os xulgados do social, tal e como denunciou UGT.

Manifestou a súa “esperanza” de que “salga unha solución”, tras os encontros entre PSOE e PP, pero ao mesmo tempo trasladou a “esixencia ao legislativo para que tome as medidas necesarias para acabar con esta situación de bloqueo que ten secuestrada unha parte da democracia no noso país”.

UGT RECLAMA O IMPULSO DE POLÍTICAS QUE PROTEXAN A SAÚDE MENTAL NO TRABALLO

Redacción.- Con motivo do Día Internacional da Saúde Mental, que se celebrou o 10 de outubro, a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores denuncia que a precariedade laboral e a deterioración das condicións de traballo están a afectar gravemente á saúde mental das persoas empregadas. Por iso, UGT reclama que estes problemas no traballo sexan abordados de forma decidida para acabar con eles e garantir unha protección adecuada da seguridade e saúde das persoas traballadoras.

Así o manifesta no seu informe: “Traballo e Saúde Mental”, onde confirma a realidade de que as persoas traballadoras están a sufrir as consecuencias dunha deficiente xestión dos riscos psicosociais nos seus postos de traballo e, sen dúbida, estas condicións laborais teñen influencia sobre a súa saúde mental. Por iso, a saúde mental non se pode dissociar da saúde laboral. Neste sentido, o sindicato denuncia que a primeira causa de morte en accidente de traballo no noso país durante 2021 foron os infartos e derrames cerebrais, patoloxías que poden estar relacionadas coa exposición a riscos psicosociais de orixe laboral.


Falar dos problemas de saúde mental

non pode seguir sendo un tema tabú na contorna laboral. Por iso, desde UGT reivindicamos a elaboración, coa participación dos axentes sociais, dunha Directiva que regule a xestión dos riscos psicosociais na contorna laboral. Tamén a actualización da listaxe de enfermidades profesionais españolas, para que sexan incluídas as patoloxías derivadas dos riscos psicosociais.

Ademais, o sindicato reclama a apertura dunha mesa de diálogo social en materia de sinistralidade laboral que impulse un Plan de choque contra a sinistralidade laboral, con elementos tan importantes como a redución da incidencia dos riscos psicosociais entre a poboación traballadora, xa que 243 persoas traballadoras morreron en accidente de traballo durante a xornada laboral por infartos e derrames cerebrais en 2021, patoloxías que poden estar relacionadas coa presenza de riscos psicosociais no traballo.

A precariedade laboral está detrás de problemas de saúde física e mental

Para UGT, a precariedade laboral está



detrás de moitos problemas de saúde mental. Para que nos fagamos unha idea, o 32% da poboación ocupada considera que está exposta a presións de tempo ou sobrecarga de traballo, segundo a EPA. Ademais, os traballadores e traballadoras asalariadas que sofren inseguridade laboral tamén refiren unha maior esixencia e menos recursos, e mostran máis esgotamento, un benestar deficiente e peores resultados nos indicadores de saúde, segundo Eurofound.

A precariedade laboral tamén inflúe na saúde física das e os traballadores. No ano 2021, as persoas traballadoras asalariadas con contratos temporais tiveron unha incidencia dos accidentes de traballo con baixa en xornada laboral un 71% superior á dos asalariados con contratos indefinidos.

A LEI TRANS E LGTBI DEBE SER A FERRAMENTA PARA LOITAR CONTRA A DISCRIMINACIÓN NO EMPREGO

Redacción.- O responsable da área LGTBI de UGT, Toño Abad, participou nas Xornadas de Acción LGTBI organizadas polo sindicato para analizar a relación entre “Sindicalismo e dereitos LGTBI”.

Na súa intervención, Toño Abad reclama o apoio dunha maioría parlamentaria para que a Lei Trans e LGTBI continúe a súa tramitación debido a que se trata dunha lei urxente e necesaria cuxo apartado laboral debe completarse durante o período de emendas parciais.

Abad subliñou que os centros de traballo seguen sendo contornas hostís para as persoas LGTBI, e que se a futura Lei non esixe ás empresas o desenvolvemento de plans de igualdade LGTBI para loitar contra a discriminación e garantir o respecto á diversidade no lugar de traballo, estes seguirán sen ser plenamente inclusivos.

“Nese sentido”, explicou, “UGT enviou aos grupos políticos con representación no

Congreso dos Deputados unha proposta para emendar a parte da lei relativa ao emprego, e atópase nunha rolda de contactos con representantes dos grupos parlamentarios para trasladarlles a importancia de apoiar esta proposta no proceso de emendas”.

“O sindicato aposta porque a Lei se converta nunha ferramenta eficaz para loitar contra a discriminación no emprego, para o que expuxo aos grupos políticos a necesidade de que a lei contemple a elaboración de plans LGTBI nas empresas de máis de 250 traballadoras e traballadores, con carácter obrigatorio e negociados coa representación legal das persoas traballadoras”.

Frear os delitos de odio

Toño Abad resaltou que os datos contidos no Informe sobre a Evolución dos Delitos de Odio en España de 2021 “son alar-



mantes e reflicten que os delitos de odio relacionados coa orientación sexual ou a identidade de xénero crecieron un 67,3% no noso país”.

“O informe lanza ademais que o discurso de odio contra as persoas LGTBI que verte a extrema dereita está directamente relacionado co aumento da violencia contra elas, e a resposta do Estado debe ser blindar os dereitos e garantir a seguridade, en todos os aspectos das súas vidas, das persoas LGTBI. Leis como a que se debate no Congreso dos Deputados son imprescindibles para iso”, recalcou.